



CÁMARA OFICIAL
MINEIRA DE GALICIA

A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA ENTREGOU HOXE EN SANTIAGO OS PREMIOS SANTA BÁRBARA 2009

- Ramón Carballal, da empresa Camilo Carballal SL, situada na localidade coruñesa de Ames, e a Asociación Gallega de Pizarristas, con sede en Sobradelo de Valdeorras, foron merecedores dos galardóns Traxectoria e Comunicación, respectivamente
- O acto enmarcouse na celebración da festividade de Santa Bárbara, patroa do colectivo mineiro

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2009.- A comunidade mineira galega celebrou hoxe en Santiago a festividade de Santa Bárbara, patroa do colectivo, coa asistencia a unha misa na catedral, cunha posterior ofrenda ao Apóstolo, e un xantar no que se enmarcou a entrega dos premios Santa Bárbara 2009. O empresario Ramón Carballal, da entidade Camilo Carballal SL, situada na localidade coruñesa de Ames, e a Asociación Gallega de Pizarristas, con sede en Sobradelo de Valdeorras (Ourense) foron merecedores dos galardóns Traxectoria e Comunicación, respectivamente. O presidente da Cámara, Francisco Aréchaga, e o director xeral de Industria, Enerxía e Minas, Ángel Bernardo Tahoces, presidiron o acto.

A celebración, promovida pola Cámara Oficial Mineira de Galicia, reuniu na capital galega a máis dun cento de representantes de empresas mineiras, da Administración, da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Minas da Universidade de Vigo, dos colexios de enxeñeiros e doutras entidades vencelladas ao sector. Na ofrenda ao Apóstolo, Francisco Aréchaga destacou o esforzo que está a facer o sector mineiro “para superarnos día a día e seguir mellorando unha actividade tan antiga como o home”. O presidente pregoulle a Santa Bárbara e ao Apóstolo, que velen “por todos nós e polo futuro deste sector mineiro, para que poida seguir sendo fonte de riqueza económica e patrimonial de toda Galicia”. Neste sentido, sinalou a catedral e a praza do Obradoiro como froito do traballo dos canteiros.

GALARDOADOS

O xurado dos Premios Santa Bárbara 2009 concedeulle o Premio Traxectoria a Ramón Carballal Pazos pola súa implicación no sector dos áridos desde o ano 1964, no que principiou a explotación deste material, e pola a posterior posta en marcha de Camilo Carballal SL, empresa de fabricación de formigón con transporte propio, situada no lugar de Bugallido, no concello coruñés de Ames. Ademais de posuír o certificado CE para áridos, de acordo coa lexislación vixente, a empresa ten axeitada a canteira e as instalacións aos requisitos da norma ISO 14001:2004 de Medio Ambiente. Como consecuencia da busca constante de calidade no produto, obtivo tamén o selo AENOR de produtos para formigón fabricado en central..



**CÁMARA OFICIAL
MINEIRA DE GALICIA**

No ano 2005 constitúese a empresa Carballal de Residuos SL, dedicada á recollida, valorización e eliminación de residuos de construción e demolición. Ramón Carballal conseguiu consolidar unha empresa con máis de 60 empregados, a maior parte deles fixos. A súa estratexia empresarial baséase no investimento continuo de activos industriais que permitiron adiantarse aos sistemas produtivos máis modernos, así coma no respecto ao medio natural, buscando a explotación sustentable.

ASOCIACIÓN GALLEGA DE PIZARRISTAS

Pola súa banda, a Asociación Gallega de Pizarristas mereceu o Premio Comunicación pola campaña de promoción da pizarra galega realizada no Reino Unido, dirixida fundamentalmente a arquitectos dese país. Entre as actuacións máis destacadas figuran a asistencia a unha feira sectorial e Birmingham, cun expositor do sector da lousa galega no que se mostraba o método de colocación con gancho, non usado naquel país; publicidade en revistas técnicas británicas; difusión do estudo sobre as vantaxes da pizarra galega fronte á brasileira; realización de vídeos promocionais e creación da web www.spanishlateuk.com. Ante a boa acollida da campaña, a Asociación prevé continuar con estas accións o vindeiro ano.

O xurado dos Premios Santa Bárbara 2009 estivo presidido por Aréchaga e composto por catro membros da Cámara Mineira e vogais dos subsectores de Augas Minerais, Áridos e Lousa, e pola subdirectora xeral de Recursos Minerais, M^a José Mijares Coto, en representación da Administración mineira.

SAÚDOS



Para máis información contactar con:
Telf.: 981 569 894/620 025 123